



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de outubro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE DOUS MIL ONCE.

Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González
José Antonio García Pérez
Inés Olmo González
Juan Ramón Méndez Quiroga
David López Goyanes
Fernando Parada Veiga
Adoración Fernández González
Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día vinte e catro de outubro de dous mil once, e baixo a presidencia do primeiro Tenente de Alcalde, José Luís Rodríguez Franco, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparece o alcalde José Luís Maceda Vilariño por afectarlle persoalmente o tema a tratar.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- ESCRITO DE D. JOSÉ LUÍS MACEDA VILARIÑO.

Dáse conta da seguinte proposta da Presidencia ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

D. José Luis Maceda Vilariño e alcalde deste concello presenta escrito solicitando a compatibilidade de dito cargo co exercicio libre da súa profesión como veterinario. Visto o informe do secretario do concello sobre o particular, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- *Recoñecer a compatibilidade do alcalde, D. José Luis Maceda Vilariño, con D.N.I. número 33.304.454-V para o exercicio da actividade profesional de veterinario sen que esta autorización supoña autorización diminución no servizo debido ao concello.*

+ Intervén o portavoz nacionalista:

Nos estamos a favor de recoñecer a compatibilidade e remitímonos as motivacións que figuran no informe de Secretaría.

+ Intervén o portavoz independente:

Non dubidamos do que indica o informe do secretario. Dende un principio tiñamos claro que este concello tiña unha sobredimensión en canto aos soldos e as funcións da Xunta de Goberno tal e como se aprobou no seu momento. Varias veces dixen, cando representaba a outro partido na anterior lexislatura, que persoas que teñen outra profesión e a poden compatibilizar deben facelo. E así o fixen eu e o alcalde anterior, e outros concelleiros.

Outra cousa é que se hai un cambio na actual situación, haberá unha diminución de actuacións no concello, porque tampouco se nos expón de que forma vai ser esa labor dentro da súa profesión nin como vai a repercutir no concello. Falta unha información máis exhaustiva por parte do alcalde sobre como vai a ser esa compatibilidade, se haberá compatibilidade horaria, en que situación lle vai a afectar, que pensa en canto ao salario, porque se é un problema económico, estaríamos dispostos a apoiar unha dedicación exclusiva ao concello e reaxustar o grupo de goberno, en canto as dedicacións totais que poda haber.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos non nos opoñemos á que se compatibilice o cargo do alcalde co exercicio libre da súa profesión, pero iso debería supor unha redución das retribucións que percibe do concello.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos estamos na liña das intervencións anteriores, se pode compatibilizar ás actividades, pero se a dedicación é a xornada completa, a compatibilización debería implicar un reaxuste na xornada no concello.

+ Intervén o portavoz nacionalista:

Nos pensamos que a compatibilidade non vai supor minoración na dedicación ao concello por parte do alcalde xa que a súa profesión exerceraa polas tardes e os fins de semana que lle toque garda. A súa dedicación á alcaldía vai ser a mesma. O seu soldo do alcalde xa se aprobou cando se estableceu a súa dedicación. E se esta vai ser a mesma, debe corresponderlle o mesmo soldo. En todo caso, non é iso o que está na orde do día. O que está é a declaración de compatibilidade ou non.

+ Intervén o portavoz independente:

Para nada imos a diferir no tema da compatibilidade. Pero cando se planea o soldo do alcalde con dedicación, ese soldo vai en relación de se vai a vivir só dese soldo ou non, porque se ao mellor de noite está atendendo un parto e nese momento xurde un problema no concello, evidentemente hai máis persoas que poden atendelo, pero si se verá influenciado. Cando este concello aprobou a dedicación do soldo do alcalde, foi nunhas circunstancias que parece que van variar. O pleno é soberano para fixar o soldo do alcalde, pero tamén o é para varialo. Non votamos contra a compatibilidade por cuestións legais e morais. Pero estamos por propor un acordo. Non sei se é o problema de que a sociedade de veterinarios o chaman porque non encontran outro, ou que nos estamos dispostos a presentar unha moción para un cambio de unha dedicación exclusiva con subida de soldo do alcalde, e a cambio modificación das horas de dedicación dos outros tenentes de alcalde.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos propoñemos que se acepte a compatibilidade, pero que se reduza nun 25% a retribución do alcalde.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos estamos de acordo en que cambiaron as circunstancias e entendemos que se unha persoa ten unha xornada completa de oito horas e se fala de gardas os fins de semana e pola noite, unha persoa que fai gardas de noite ten dereito a ter o día seguinte libre, xa que se necesita descansar. Dese xeito a rendibilidade non é a mesma. Por outro lado unha alcaldía non supón traballo restrinxido á mañá, todos sabemos de actuacións e reunións que se realizan pola tarde. Polo tanto propoñemos o si á compatibilidade, aínda que hai que ter en conta o traballo que hai e a necesidade de postos de traballo para que unha persoa ocupe dous. Polo tanto se debería de reducir no 25% co que estamos de acordo.

O Presidente di que hai unha proposta dos independentes sen concretar.

+ Intervén o portavoz independente:

En principio nos parece razoable a proposta do 25% que fai o PP.

O Presidente pregúntalle ao secretario se procede consideralo unha emenda e votala en primeiro lugar.

O secretario di que esta proposta, de redución do salario, non é correcta, xa que logo o que hai que decidir é se se reduce a xornada e, en función diso, o salario que corresponda.

+ Intervén o portavoz independente:

Nos entendemos que a un concello se ven ao servizo ao pobo, e é lóxica unha retribución digno, pero cos tempos que corren e a situación do concello, un salario en torno a 1.900€ nun concello de 2.000 habitantes xa é digno.

Interrómpeo o Presidente para dicir que a quenda é para concretar a proposta, non para repeti-lo debate. O portavoz independente continúa:

É unha contestación, porque tampouco se fai unha proposta, estase defendendo o porqué se vai a baixar o soldo, pero se aumentan outros, non facemos nada. A idea xeral é solicitar un pleno extraordinario para traer unha proposta concreta, e pode que non só do alcalde senón tamén dos outros dous, e reestruturar as retribucións do equipo de goberno.

O Presidente pregúntalle cal é a proposta concreta.

+ O portavoz independente, di:

A proposta é un pleno extraordinario para que se fale dos soldos do goberno en xeral.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos propoñemos que o secretario lle busque a solución para reducir neste ou noutro pleno o soldo do alcalde o 25%, dado que se vai cobrar por outra parte, é lóxico que repercuta no concello.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos quixéramos que fose máis explícita a intervención do B.N.G., e por outro lado mantemos a proposta, que se fagan os trámites necesarios, se hai que facer un pleno extraordinario, facelo, pero que se revisen eses salarios.

O portavoz independente di:

Quero que o secretario informe sobre cantos concelleiros son necesarios para a convocatoria dun pleno extraordinario.

O secretario indica que compre que a solicitude a asine polo menos a carta parte do número legal de membros da corporación.

O portavoz independente di:

Quero que se concretase xa unha data. Estamos falando de soldos e esa persoa ten que saber xa o que vai cobrar. Polo tanto ese pleno debería celebrarse deica quince días, todo o máis.

Sometida a votación a proposta da presidencia, apróbase por unanimidade.

+ Intervén o portavoz independente:

Entendo que se pode falar neste pleno se se aproba a moción, é dicir a urxencia de aprobar a moción neste pleno sobre o pleno extraordinario.

Intervén o secretario para dicir que non está na orde do día a convocatoria dun pleno extraordinario, e que en todo caso non pode o pleno adoptar ese acordo sen que exista una proposta de acordo.

+ Intervén o portavoz independente:

Agora mesmo, se vostede redacta a acta, en que termos queda? Vai quedar recollido que se solicita neste pleno a celebración dun pleno extraordinario?

O secretario di que constará que no transcurso do debate os grupos da oposición falan da conveniencia de que se celebre un pleno extraordinario para debater o asunto das retribucións do alcalde.

+ Intervén o portavoz independente:

Máis que a conveniencia quero que conste solicitude de convocatoria de pleno.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e un de novembro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,